

## 03. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO. PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍA DAS OBRAS

### 3.1 Ámbito de actuación

O ámbito de actuación das obras abarca a beirarrúa da marxe norte da avenida, entorno do recinto do CDL desde a rotonda na que se encontra o acceso ao CDL até o aparcadoiro das Cercas e o paseo de adoquín realizado con anterioridade. As obras non afectan á calzada da avenida. Únicamente se proxecta reformar un dos pasos de cebra existentes para sobrevalos co obxecto de cumprir coa Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

No Plano 2 indícase o ámbito de actuación do Proxecto

### 3.2 Demolicións e levantes.

Levantarse toda a beirarrúa da marxe norte na zona afectada da avenida incluíndo os seus bordillos. Cortaránse e destocaránse os mínimos árbores existentes para deixar sitio á nova beirarrúa e prazas de estacionamento, concretamente serán doce árbores os afectados. Demoleranse outros elementos menores como unha valla de cerramento do CDL e un pequeno muro de bloque na mesma zona, que será repostado en parte posteriormente.

O firme de aglomerado asfáltico da calzada da avenida non sufrirá en principio ningún tipo de afección máis alá do corte previo para delimitar a zona da obra, en caso de ser afectado será restaurado no transcurso da obra. Únicamente se procederá a modificar o paso de cebra existentes para sobrevalos de maneira que cumpran os requisitos de accesibilidade e supresión de barreiras.

### 3.3 Muro de contención e aterros Xeotecnia

Ao longo dos primeiros 140m da avenida, coincidentes co tramo lindante co CDL, a beirarrúa da marxe norte da avenida limita co recinto do Centro de Desenvolvemento Local. Este recinto encóntrase aproximadamente 2,70 m por baixo da cota da avenida. Esta diferenza de cotas sálvase actualmente por un talude de terras.

Dado que beirarrúa é estreita, 2 m de anchura, non ofrece espazo para unha área de estacionamento en batería. Por iso é preciso invadir o recinto do Centro de Desenvolvemento Local, de propiedade municipal. Para salvar a diferenza de cotas existente entre o recinto do CDL e a avenida, proxéctase un muro de contención de formigón armado de 30 cm de espesor cimentado en zapata de hormigón sobre pedraplén e material de mellora en tongadas para mellora de firme.

A altura do muro sobre a rasante actual será de 2,70 m no punto máis desfavorable e a súa lonxitude total de 109,75 m, en parte será oculto pola reposición dos taludes existentes nos extremos do muro.



O muro de contención será pintado de verde e irá rematado por unha baranda de aceiro galvanizado e pintada de 110 cm de altura.

### **XEOTECNIA:**

A actuación consiste, na súa maior parte, nunha ampliación da rúa mediante o recheo da zona de talud. Polo tanto precisamos da construción dun muro de contención de terras para ampliar a área de estacionamento. Por esta razón, encomendouse a realización dun estudo xeotécnico pola empresa Galaicontrol, en setembro de 2012, que se adxunta ao presente Proxecto de Urbanización a nivel de Execución no detalle de muro e cálculo do mesmo.

O terreno da obra está formado por un aterro antrópico na parte máis superficial formado para a construción da rúa. Trátase de materiais de escasa compacidade e un espesor variábel de 5,00 – 7,00 m desde a cota superior do terraplén.

A continuación baixo o nivel de aterro antrópico encóntanse os depósitos aluviais do río Miñor, formados por fangos, limos e seixos rolandos envolvidos en matriz areosa que se corresponden coa chan de inundación do río actual. Son materiais moi pouco portantes de compacidade solta e parcialmente saturados de auga. O espesor estimado deste nivel é de 5,00 – 6,00 m.

Baixo o nivel de depósitos aluviais localízase un material de formado por xabre moi alterado, con unha compacidade media a densa e un espesor de 4,00-5,00 m.

Por último baixo o xabre encóntase o sustrato rochoso granítico entorno as cotas 17-18m desde o nivel da beirarrúa.

Canto a hidroxeoloxía é preciso salientar que o nivel freático encóntase a 2,00 – 3,00 m baixo o nivel da chan de inundación actual que coincide coa cota superficial do recinto do Centro de Desenvolvemento Local.

### **3.4 Beirarrúas**

O pavimento da nova beirarrúa estará formado por adoquín de granito tipo “calçada portuguesa” de 6 cm rexuntado con cemento area e asentado sobre unha capa de area e morteiro seco de cemento de 5 cm de espesor. A base do pavimento estará formada por unha capa de zahorra artificial de 20 cm sobre terreno natural compactado incluído lousas de granito en formación de pasos e ramplas de accesabilidade e incluíndo cenefas delimitando sectores de adoquín. O pavimento estará delimitado por ambos lados por borde de granito de 15x28 cm. A beirarrúa terá unha anchura variábel, aínda que na súa maior parte terá un ancho de 2,20 m.



### 3.5 Aparcadoiro

As novas prazas de estacionamento irán situadas entre a calzada actual existente e as novas beirarrúas. Serán un total de 32 novas prazas de aparcadoiro en batería cun ángulo de 60° para facilitarnos a manobra de aparcamento desde o vial Terán unhas dimensións de 5,00 m de longo e 2,40 de ancho, en batería a 60°. O pavimento da área de estacionamento estará formado por unha capa de formigón armado e fratasado de 15 cm de espesor, sobre unha capa de zahorra de 20 cm. O pavimento terá unha pendente do 2% cara o exterior da mesma.

O borde exterior da área de estacionamento, limitará coa calzada existente e estará formado por unha borde rígola prefabricada de 40 cm. O borde interior será o borde de granito da nova beirarrúa, e no mesmo pavimento marcaranse as prazas aparcadoiro.

### 3.6 Sobreelevación dos pasos de peón

Co obxecto de cumprir os requirimentos da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, proxéctase sobreelevar do paso existentes na avenida próximo á rotonda. Esta será a única actuación que afecte á calzada da mesma.

### 3.7 Iluminación.

Procederáse a desmontar, trasladar e almacenar en dependencias municipais de dúas farolas existentes no borde da calzada que entorpecerían o tránsito dos vehículos na nova actuación e unha situada próxima o paso de cebra existente e que queda dentro da nova actuación e se substituirá para conservar un deseño unitario entoda a zona reformada. Asimismo, instalaranse 4 novas farolas tipo INDALUX quios IQD de 7 m de altura con luminaria de 250W ao longo do bordo da nova beirarrúa, de forma que suplan e mesmo melloren a iluminación das farolas eliminadas.

### 3.8 Mobiliario urbano

Debido as limitación orzamentarios o mobiliario urbano limitarase a un banco de pedra según deseño en plano nº 7 e tres papeleiras.

### 3.9 Axardinamento.

Para facer sitio ás novas prazas de estacionamento, como se dixo no epígrafe 8.1." Demolicións e levantes" será preciso talao e destocar un total de 12 árbores de tamaños e especies variadas. Por outra parte, se conservarán todas as árbores posibles, para o



que se deberá ter especial coidado no transcurso das obras, estas árbores conformarán unha aliñación aproximadamente paralela á nova beirarrúa.

Sementaranse os espazos situados entre varias prazas de aparcadoiro nos que se deseñan parterres para salvar varias árbores con unha mestura de céspede tipo natural. A sementeira efectuarase sobre unha capa de terra vexetal de 20 cm de espesor preparada según detalle unidades de obra.

### 3.10 . PRAZO DE EXECUCIÓN E GARANTÍA DAS OBRAS

O prazo de execución fíxase en SEIS (6) MESES a partir da data da Acta de Comprobación do Replanteo das mesmas, cunha punta de traballadores de 10 operarios.

O prazo de garantía fíxase en DOCE (12) MESES a partir da data da Acta de Recepción das Obras.

Meses	1	2	3	4	5	6
-------	---	---	---	---	---	---

Seguranza e saúde						
Derrubas, roza e Limpeza						
Contención						
Acondicionamento						
Movimentos de Terra						
Instalacións drenaxe						

nºtraballadores punta	4	4	6	10	10	10
-----------------------	---	---	---	----	----	----

### 3.11 TITULARIDADE DOS TERREOS.

Os terreos necesarios para a execución das obras serán postos a disposición polo CONCELLO DE GONDOMAR. Non se precisa realizar ningún tipo de expropiación temporal nin permanente.

Os servizos afectados polas obras son:

- Estrada PO-340 Tui – A Ramallosa de titularidade autonómica.



### 3.12 ESPAZOS NATURAIS E PATRIMONIO CULTURAL E ARQUEOLÓXICO.

No ámbito do presente Proxecto non existen espazos naturais protexidos.

A zona de obras está incluída en parte dentro da zona de policía de cauces del Río Miñor.

Canto ao patrimonio cultural, no ámbito do anteprojecto existe un elemento de interese arqueolóxico que resulta indirecta e mínimamente afectado por estar o ámbito do proxecto no interior da zona de cautela. Trátase do Pazo de Gondomar, situado a 275 m ao sul do límite do ámbito de actuación.

### 3.13 COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓN

As obras descritas neste Anteprojecto precisan de autorización administrativa dos seguintes organismos:

- AUGAS DE GALICIA, por afectar á zona de policía do río Miñor.
- DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO da CONSELLARÍA DE CULTURA, por afectar á zona de cautela do Ben de Interese Cultural PAZO DE GONDOMAR, como se verá no epígrafe seguinte.
- AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS por afectar á estrada de titularidade autonómica PO-340 Tui – A Ramallosa.

### 3.14 ORZAMENTO

Orzamento de execución material	187.513,00
13% Gastos xerais	24.376,69
6% Beneficio industrial	11.250,78
<b>SUBTOTAL</b>	<b>223.140,47</b>
21% I.V.E.	46.859,50
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>	<b>269.999,97</b>

Ascende o orzamento de execución por contrata á cantidade de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E SETE CENTIMOS

En Gondomar, xullo de 2013

O Arquitecto



Pablo Magdalena Nogueira

